



BASES XERAIS DE SELECCIÓN PARA A CONTRATACIÓN DE 2 SOCORRISTAS COMO PERSOAL LABORAL TEMPORAL PARA A PRESTACIÓN DE SERVIZOS DE SOCORRISTA NA PISCINA MUNICIPAL DO CONCELLO DE POL DURANTE A TEMPADA ESTIVAL 2023

PRIMEIRA.- OBXECTO DA CONVOCATORIA

É obxecto desta convocatoria a contratación de dúas persoas que prestarán o servizo de socorrismo na piscina municipal do Concello de Pol.

A contratación será na modalidade de persoal laboral temporal e articularase a través dun contrato por circunstancias da produción (artigo 15.2 TRLET) para atender situacións ocasionais, previsibles e teñan unha duración reducida e delimitada.

O sistema de selección será o de concurso – oposición.

As funcións do posto serán as seguintes :

- O socorrista permanecerá na zona de baño durante o horario de funcionamento, debendo ser identificado de forma fácil polos usuarios da piscina. Durante dito período non poderán efectuar ningunha outra actividade que non sexa a de vixilancia e control de dita zona e dos usuarios.
- Encargado do establecemento e mantemento da vixilancia no baño e das condicións de seguridade e hixiene no recinto da piscina como medidas de prevención de accidentes e enfermidades.
- Salvamento e aplicación de primeiros auxilios en caso de accidente, responsabilizándose do mantemento completo e en perfectas condicións do botiquín da piscina.
- Ocuparanse do cumprimento das normas de funcionamento interno do establecemento e das disposicións establecidas, permanecendo durante todo o tempo de funcionamento da piscina.
- Atender ás necesidades propias que requiran os vasos da piscina.
- Vixilancia dos usuarios da piscina velando para que non se produzan comportamentos indebidos ou que poñan en risco ao resto de usuarios das instalacións.
- Vixía , control de acceso dos usuarios da piscina.

E cantas funcións relacionadas co posto de traballo e funcionamento do servizo lle sexan encomendadas polos órganos municipais competentes.

SEGUNDA.- DURACIÓN DO CONTRATO E SALARIO

- 1.- A duración do contrato será o tempo que permanezan abertas as instalacións das piscinas municipais.
- 2.- O salario será o establecido no “V Convenio colectivo de instalaciones deportivas y gimnasios de la Comunidad Autónoma de Galicia” para a categoría de “Socorrista” (Grupo 4 - Nivel 1), publicado no DOG núm. 63 de 30/03/2023.

TERCEIRA.- REQUISITOS DE CARÁCTER XERAL:

- 1.- Ser español/a ou cidadán/a de un Estado membro da Unión Europea, ou nacional dalgún Estado, ao que en virtude de Tratados Internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores. Tamén poderán participar quen non sendo españois ou nacionais dun Estado membro da Unión Europea, atópanse en España en situación de legalidade, sendo titular dun documento que lles habilite para residir e poder acceder sen limitacións ao mercado laboral, conforme ao establecido na Lei Orgánica 4/2000 de 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos





estranxeiros en España e a súa integración social, modificado por L.O. 8/2000, de 22 de decembro e no Regulamento de Execución da L.O. 4/2000.

2.-Ter cumpridos 16 anos de idade e non alcanzar a idade de xubilación.

3.- Non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o normal desempeño do traballo para o que se contrata.

4.-Non ser separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin acharse inhabilitado para o desempeño das funcións por sentenza firme. Non estar incurso en causa de incapacidade ou incompatibilidade para subscribir contrato laboral co Concello de Pol.

5.-Estar en posesión da formación esixida no DECRETO 152/2021, de 21 de outubro, polo que se regulan as condicións para o exercicio profesional das actividades de socorrismo acuático, información e primeiros auxilios nos espazos acuáticos naturais e instalacións acuáticas da Comunidade Autónoma de Galicia.

1. Certificado de profesionalidade de “Socorrismo en instalacións acuáticas” (AFDP0109), establecido polo Real Decreto 711/2011, de 20 de maio.

2. Título de “Técnico deportivo en salvamento e socorrismo” establecido polo Real Decreto 878/2011, do 24 de xuño, título de “Técnico deportivo superior en salvamento e socorrismo”, establecido polo Real Decreto 879/2011, do 24 de xuño, ou calquera outro título de grao medio ou superior de formación profesional que inclúa no seu currículo os módulos formativos asociados a todas as unidades de competencia da cualificación de “Socorrismo en instalacións acuáticas” do Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais.

3. Acreditación de ter superadas as catro unidades de competencia da cualificación profesional de “Socorrismo en instalacións acuáticas”, obtidas a través do procedemento que desenvolve o Real Decreto 1224/2009, do 17 de xullo, de recoñecemento das competencias profesionais adquiridas pola experiencia laboral.

4. Posuír a formación en “Socorrismo acuático” ou título equivalente que habilite para o exercicio deste servizo, nos termos establecidos no art. 29.1 do Decreto 103/2005 do 6 de maio polo que se aproba a Regulamentación técnico - sanitaria das piscinas de uso colectivo e no Decreto 35/2017, de 30 de marzo polo que se modifica o Decreto 104/2012 do 16 de marzo polo que se fixa a formación mínima dos socorristas acuáticos e se crea o Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos de Galicia.

Os anteriores requisitos, deberanse posuír con referencia ao último día do prazo de presentación de solicitudes e gozar dos mesmos durante o proceso selectivo.

Será nulo o nomeamento dos que estean incusos nas causas de incapacidade específica conforme á normativa vixente.

CUARTA.- PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES:

Presentaranse as solicitudes no rexistro xeral de entrada do Concello de Pol, nun prazo **de tres (3) días hábiles** dende a publicación da presente convocatoria na páxina web do Concello de Pol, en horario de 9.00 a 14.00 h. de luns a venres.

1.- Fotocopia do Documento Nacional de Identidade.

b) Fotocopia do diploma ou certificación acreditativos de estar en posesión do título, ou ben xustificante de ter cumpridos tódolos requisitos para a súa expedición. Se estes documentos estiveran expedidos despois da data de terminación do prazo de presentación de instancias, deberá xustificar a data en que se finalizaron os correspondentes estudos.





c) Declaración xurada de non padecer enfermidade ou eiva física que impida o normal desenvolvemento das funcións correspondentes.

d) Declaración xurada de non ter sido separado/a, mediante expediente disciplinario, de ningunha Administración Pública nin atoparse inhabilitado para o exercicio das funcións públicas por sentenza firme.

e) Declaración xurada de non estar incuso/a en ningunha das causas de incapacidade específica conforme á normativa vixente.

f) Declaración xurada de non incorrer en ningún dos supostos de incompatibilidade establecidos na lexislación sobre a materia.

h) Fotocopia de todos os documentos xustificativos dos méritos que se aleguen, pois non se tomarán en conta nin serán avaliados aqueles que non queden debidamente acreditados, en tódolos seus extremos no momento da presentación da instancia.

QUINTA.- PROCESO DE SELECCIÓN:

Constará de dúas fases:

1.- Valoración da experiencia profesional:

Experiencia laboral en relación coas prazas, cunha valoración máxima de 4 puntos:

- a) Por cada mes de servizos prestados en piscinas públicas: 0,40 puntos.
- b) Por cada mes de servizos prestados en piscina privada ou outras instalacións acuáticas: 0,20 puntos.

A experiencia laboral deberá acreditarse mediante contrato de traballo ou certificado de empresa, así como Informe de Vida Laboral expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social. No caso de non completar un mes de traballo valorarase a parte proporcional dos días completos traballados.

2.- A fase de oposición terá lugar o 28/06/2023 ás 10.00 h no Salón de Plenos do Concello de Pol sito en Mosteiro.

Consistirá nun exame teórico de 10 preguntas tipo test que versará sobre conceptos de normativa, seguridade e hixiene en instalacións acuáticas, así como socorrismo e primeiros auxilios. Cada pregunta contestada correctamente puntuará 0,60 e incorrectamente ou en branco 0,00 puntos.

Esta proba é de carácter eliminatório, de forma que as persoas aspirantes deberán acadar unha puntuación mínima de 5,00 puntos.

A valoración máxima será de 6 puntos.

SEXTA.- PROPOSTA DE CONTRATACIÓN:

Á vista da cualificación final outorgada, a Comisión de Selección elevará á Alcaldía Presidencia, proposta de contratación do aspirante con maior puntuación.

SEPTIMA.- COMISIÓN DE SELECCIÓN.

A Comisión de selección constituirase da seguinte forma:

- Presidente: Un funcionario/a de o Excmo. Concello de Pol.
- 2 Vogais: Empregados públicos pertencentes a calquera das administracións públicas.





- Secretario: o da Corporación, ou funcionario en quen delegue, con voz e sen voto.

Para cada membro titular designarase un suplente.

A Comisión de valoración non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de máis da metade dos seus membros, titulares ou suplentes, indistintamente, sendo sempre necesaria a presenza do Presidente e Secretario.

As decisións adoptaranse por maioría.

Os membros da Comisión deberán absterse cando concorran as circunstancias previstas nos art. 23 e 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, notificándoo á autoridade convocante. Os aspirantes poderán recusalos en forma legal.

Á vista da cualificación final outorgada, a Comisión de Selección elevará á Alcaldía-Presidencia, proposta de contratación do aspirante con maior puntuación.

OITAVA.- RESOLUCIÓN

1.- A Alcaldía resolverá de acordo co baremo establecido na base anterior, sen que o número de persoas seleccionadas poida ser maior ca o número de prazas convocadas e farase público no taboleiro de anuncios das oficinas municipais, na páxina web e na sede electrónica do Concello de Pol.

Na resolución incluírase unha relación das persoas que non foran seleccionadas, co fin de que, se por calquera circunstancia algunha desas persoas non foran nomeadas, adxudicar a praza ao seguinte candidato/a que acadara a puntuación máis alta.

Ademais a relación servirá para poder ser utilizada ata o remate do contrato laboral das persoas contratadas como listaxe de reserva (sempre respectando a orde), para cubrir continxencias como renuncias voluntarias, procesos de incapacidade temporal ou calquera outra circunstancia, nos postos de traballo de socorrista acuático. Cando unha persoa incluída na listaxe fose contactada para ocupar un posto, ao rematar o período de contratación recuperará o seu lugar inicial na mesma, de xeito que poderá ser contactada para unha nova contratación.

As persoas aspirantes que resulten seleccionados e propostas polo Tribunal deberán presentar no prazo de dous días hábiles o da proposta de contratación os documentos acreditativos de reunir os requisitos da convocatoria.

NOVENA.- INCIDENCIAS

1.- A presente convocatoria, as súas bases, e todos os actos administrativos que dela deriven, poderán ser impugnados nos casos e na forma establecidos na Lei 39/2015, de Procedemento Administrativo das Administracións Públicas.

2. Para o non previsto nestas bases, será de aplicación o Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, a Lei 7/1985 de 2 de abril, o Real Decreto Lexislativo 781/86 de 18 de abril, o Real Decreto 896/1991 de 7 de xuño, o Real Decreto 364/1995 de 10 de marzo e a normativa laboral de aplicación.

En Pol, o asina o Sr. Alcalde na data que figura á marxe;

O Alcalde,
Asdo.: Lino Rodríguez Ónega

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE AO MARXE





**ANEXO I.- SOLICITUDE PARA TOMAR PARTE NO PROCESO SELECTIVO:
SOCORRISTA ACUÁTICO**

DATOS PERSOAIS:

PRIMEIRO APELIDO:

SEGUNDO APELIDO:

NOME:

DNI:

TELÉFONO: MÓBIL: E-MAIL:

DOMICILIO COMPLETO AOS EFECTOS DE NOTIFICACIÓNS:

.....

EXPOÑO:

Que acepto as bases da convocatoria e reúno todos e cada un dos requisitos esixidos na convocatoria.

SOLICITO:

Participar no proceso obxecto da convocatoria citada, a fin de participar nas probas de selección correspondente, presentando a seguinte documentación (tachar o que proceda):

Fotocopia do DNI, pasaporte ou tarxeta de residencia.

Fotocopia de todos os documentos xustificativos de cumprir cos requisitos de admisión e dos méritos que se aleguen, pois non se tomarán en conta nin serán avaliados aqueles que non queden debidamente acreditados en todos os seus extremos no momento da presentación da instancia

(Asinado)

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE POL





ANEXO II. MODELO DE DECLARACIÓN XURADA

D./Dña....., con DNI, en relación coa oferta de emprego do Concello de Pol **DECLARO BAIXO XURAMENTO:**

1. Non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin estar inhabilitado por sentenza firme para o exercicio das funcións públicas.
2. Non estar incurso/a en ningunha das causas de incapacidade específica conforme á normativa vixente.
3. Non incorrer en ningún dos supostos de incompatibilidade establecidos na lexislación sobre a materia.
4. Non padecer enfermidade ou eiva física que impida o normal desenvolvemento das funcións correspondentes ao posto de traballo ao que opto.

Lugar e data:

Sinatura:.....

